



**PRADILLA, MIQUEL-ÀNGEL (2008): *SOCIOLINGÜÍSTICA DE LA VARIACIÓ I LLENGUA CATALANA*. BARCELONA: INSTITUT D'ESTUDIS CATALANS, 135 PP.**

Malia os reiterados esforzos dalgúns investigadores para popularizaren a sociolingüística da variación entre os lingüistas dos Países Cataláns, o balance dos últimos anos en canto á produción de traballos dende unha perspectiva variacionista é máis ben magro. Este feito atribuíuse decote á situación de contacto de linguas que caracteriza o ecosistema comunicativo catalán e que favoreceu, como no caso do galego, a hexemonía da socioloxía da linguaxe no eido dos estudos sociolingüísticos.

Convencido de que cómpre seguir evolucionando da “socioloxía do conflito” cara a unha “diversidade de sociolingüísticas”, Miquel-Àngel Pradilla —profesor de Filoloxía Catalá na Universitat Rovira i Virgili e membro numerario da Sección Filolóxica do Institut d'Estudis Catalans— reúne neste

libro seis artigos destinados a difundir, diversificar e revalorizar unha metodoloxía que hoxe aínda considera infraexplorada. O resultado é un mosaico heteroxéneo pero coherente de traballos que abranguen varios aspectos —epistemolóxicos, metodolóxicos e aplicados— do método variacionista, nos que se pon unha atención especial na recepción que tivo entre os lingüistas cataláns e un interese manifesto para potenciar, mediante a adopción de técnicas procedentes da fonética experimental, a vertente cualitativa dos estudos —adoito acantoados polo afán cuantificador da disciplina.

O primeiro artigo leva por título “As representacións do variacionismo no eido da lingua catalá. Transferencias e transaccións”. Tal como afirma Maria Teresa Turell no prólogo, trátase dun texto esencialmente epistemolóxico, que reseque o camiño cara á procura dun “status paradigmático” para a sociolingüística e que avalía, “dende unha consideración integradora, os catro grandes vértices de priorización na análise da diversidade lingüística: o sociolingüístico, o pragmático, o histórico e mais o xeolingüístico”. Dende esta perspectiva multidimensional da linguaxe, Pradilla analiza tanto a recepción do método variacionista ortodoxo entre os investigadores cataláns coma as “desviacións” do modelo de referencia que eles desenvolveron. En referencia aos vértices sociolingüístico e histórico, Pradilla salienta que a orientación sincronista promovida polo mesmo Labov tamén está presente en boa parte dos estudos locais, razón pola cal os traballos de cariz diacrónico ocupan unha posición de subsidiariedade. Reclama, xa que logo, corrixir estes desequilibrios cunha maior produción de estudos en tempo real que complementen os traballos en tempo aparente. Do vértice pragmático sinala os beneficios de incorporarmos elementos da etnografía da comunicación á análise variacionista. E, finalmente, recoñece que o pensamento laboviano bebe directamente dos postulados da xeolingüística tradicional, pese a que se apresura a sinalar os trazos diferenciais entre eles.

Trátase, pois, de contrapoñer á “ortodoxia doutrinaria” unha formulación favorábel ás transaccións teórico-metodolóxicas interdis-

disciplinares. Por isto sorprende que Pradilla parta da xeolingüística tradicional para establecer unha fronteira nida entre os seus principios e orientacións metodolóxicas e os da sociolingüística variacionista. De feito, algúns trazos inicialmente diferenciais esvaececen no preciso momento en que se desenvolven os sistemas dialectométricos de cálculo da distancia lingüística entre variedades. En efecto, a dialectometría tamén incorpora —segundo, como fai Pradilla, Silva-Corbalán (1989:15)— “o emprego de métodos cuantitativos de análise” e, polo feito de traballar coa totalidade dos corpus dispoñíbeis, asume que a “homoxeneidade lingüística de mesmo o lugar máis pequeno é un mito”.

Ademais, estudos dialectométricos recentes incorporan variábeis sociais como a idade ou a procedencia urbana ou rural dos informantes para analizaren o grao de converxencia lingüística dalgunhas variedades co estándar (véxase Valls 2009, para un estudo destas características). Trátase, polo tanto, de traballos que contribúen a desdubuxar a fronteira teórico-metodolóxica entre o variacionismo e a xeolingüística, precisamente porque asumen as vantaxes da pescuda interdisciplinar.

Os dous artigos seguintes, titulados “A sociolingüística da variación: aproximación metodolóxica (I e II)”, constitúen unha introdución global ao método variacionista destinada a orientar os investigadores interesados neste tipo de pescudas. O primeiro dos artigos céntrase na caracterización da chamada *entrevista sociolingüística laboviana* e fai fincapé nalgúns dos aspectos teóricos que levan xerado máis controversia, como por exemplo as diferentes segmentacións do eixo diafásico. Doutra banda, fíxase nos diferentes graos de control que terá que exercer o entrevistador segundo o tipo de conversa e menciona algunhas das cuestións técnicas e éticas ás que cumprirá facer fronte durante o proceso de gravación dos datos. No que atinxe ao segundo artigo, “ten como obxectivo a fixación dun protocolo pautado de pescuda, dende a identificación do fenómeno variábel nunha comunidade de fala até a interpretación dos resultados da cuantificación dos datos obtidos”. En concreto, Pradilla expón *in extenso*:

(1) as diferentes opcións das que dispón o investigador á hora de seleccionar os informantes, tanto na estratificación da poboación segundo as variábeis sociais escollidas coma no deseño da mostra e mais o acceso aos informantes; (2) as principais técnicas de recolla de datos complementarias á entrevista sociolingüística: a observación anónima e as probas de avaliación subxectiva; e (3) o proceso previo ao tratamento cuantitativo do corpus, isto é, a codificación dos datos e mais a elección do modelo estatístico máis axeitado aos obxectivos da pescuda.

Alén do interese evidente que esta síntese ten para os leigos na materia, a principal virtude destas páxinas é que actúan asemade de revisión teórica e de exemplo de aplicación práctica. En efecto, Pradilla expón en primeiro lugar o abano de posibilidades que ten o investigador, mais sempre coa intención de escoller decontado unha opción concreta: aquela que lle deu bos resultados nalgunha das súas pescudas anteriores. Deste xeito, o lector ve complementada a exposición teórica cun exemplo exitoso da súa aplicación práctica.

Hai porén un par de cuestións que o autor debería revisar: en primeiro lugar, os comentarios sobre os avances tecnolóxicos no eido dos sonógrafos que, ben que na data de publicación do artigo (a finais dos noventa) eran válidos, hoxe resultan totalmente obsoletos; en segundo lugar, bótase en falta un apartado con indicacións que lle faciliten ao lector a interpretación dos resultados da análise cuantitativa, tal e como se lle prometía enriba. De feito, esta información non aparece en ningún dos traballos do libro.

No cuarto artigo, "A variación fónica na lingua catalá: inventario e avaliación metodolóxica", Pradilla repasa de maneira sucinta os traballos do ámbito catalán centrados na investigación de variábeis fónicas co obxectivo de revisar criticamente algúns dos seus aspectos metodolóxicos. Deste inventario de estudos desiguais tira varias consideracións: en primeiro lugar, a constatación de que o modelo laboviano se desurbanizou nos Países Cataláns, xa que na maioría dos casos se aplicou a comunidades de fala rurais; e, en segundo lugar, a confirmación de que a pers-

pectiva variacionista xerou unha cantidade de traballos máis ben modesta, tendo en conta que só deu lugar a unha tese de doutoramento dende 1995 (Carrera, 1999). Doutra banda, Pradilla detecta unha certa improvisación no deseño da maioría das mostras, feito que incide negativamente na estimación de confianza estatística que lle outorga aos resultados; por esta razón cre que a maioría de estudos deben considerarse "traballos exploratorios".

Neste artigo, Pradilla retoma o tema da entrevista sociolingüística e avalía as súas adaptacións en función dos obxectivos da pescuda. Segundo afirma, cada autor elaborou a súa propia versión, das cales aquelas estritamente labovianas amosáronse menos operativas cás que reduciron o contínuum estilístico canónico. Por isto —e porque unhas páxinas antes se declaraba contrario á ortodoxia— chama a atención que considere a ausencia da entrevista sociolingüística como o "déficit máis salientábel" dos traballos que non avaliaron este factor. Por outra banda, as críticas metodolóxicas aos traballos avaliados nunca derivan nunha crítica máis xeral que atinxa o propio método variacionista. Malia a validez incuestionábel da sociolingüística da variación para a análise do cambio lingüístico, sería interesante unha argumentación que dese conta dos motivos polos cales xerou un interese tan relativo entre os lingüistas cataláns. Alén da xa mencionada preeminencia da socioloxía da linguaxe, identificarmos algún destes factores adicionais —de os haber— permitiría incidir neles e, eventualmente, captar novos estudosos dispostos a empregar o método. Ao cabo, é evidente que un dos obxectivos de Pradilla ao publicar este libro é dar argumentos que animen os investigadores a adoptar a metodoloxía variacionista para estudaren a variación e o cambio lingüísticos.

Á marxe deste interese proselitista, Pradilla tamén pon encol da mesa unha das cuestións que xeraron máis críticas ao variacionismo: "a evidente desproporción que amosan os traballos pioneiros a favor dun enfoque cuantitativo, ás veces obsesivo", e as subseguintes deficiencias no tratamento da vertente lingüística dos fenómenos es-

tudados. Coa intención de corrixir este desequilibrio, dedica o penúltimo artigo do libro —“Sociolingüística cuantitativa e análise cualitativa de variábeis fonético-fonolóxicas: a propósito do desafricamento prepalatal”— a propugnar as vantaxes dunha comuñón metodolóxica entre o modelo variacionista e o método experimental en fonética. O obxectivo do artigo é demostrar que o emprego de procedementos experimentais favorece unha formulación máis afinada da regra variábel que debe dar conta do fenómeno lingüístico estudado —neste caso o desafricamento prepalatal en curso no extremo septentrional do País Valenciano.

Antes de formular a regra variábel, porén, Pradilla dedica varias páxinas a explicar polo miúdo algúns aspectos que cómpre dominar para interpretarmos correctamente os resultados dos experimentos acústicos. Así pois, ensaia unha caracterización articulatória e acústica dos sons fricativos e africados prepalatais e represéntaos en senllos sonogramas, oscilogramas e espectrogramas. Estas páxinas constitúen unha verdadeira introdución aos principios da fonética acústica, pensadas para que o lector pouco especializado sexa quen de interpretar as conclusións do traballo. Á fin, Pradilla formula unha regra variábel con sete outputs que mellora ostensiblemente calquera tentativa de achegarse ao fenómeno sen estes procedementos experimentais e que, por riba de todo, garante “a validación empírica dos datos obtidos”. As vantaxes desta transacción metodolóxica quedan, xa que logo, fóra de dúbida.

O derradeiro artigo do libro, “Sociolingüística da variación e actitudes interdialectais no extremo norte do País Valenciano”, constitúe un exemplo de aplicación dun dos métodos complementarios á entrevista sociolingüística presentados ao longo do volume: a proba de avaliación subxectiva. Trátase dun traballo no cal se avalía tanto a conciencia lingüística coma as actitudes interdialectais dos membros da comunidade lingüística de Benicarló a respecto do cambio lingüístico en curso nos sons de orde prepalatal sonora en posición intervocálica.

A relevancia deste artigo é dobre: en primeiro lugar, porque reflicte de novo o interese de Pradilla para fornecer aplicacións prácticas que faciliten a comprensión dos principios e da metodoloxía variacionistas; en segundo lugar, porque é o único traballo do libro que permite unha aproximación ás reaccións subxectivas dos membros da comunidade verbo dun cambio lingüístico en curso, ao tempo que rexistra as súas actitudes interdialectais en comparar non só as tres variantes propias de Benicarló, senón tamén as dúas variedades de prestixio que, á marxe do castelán, compiten polo mesmo espazo: os estándares valenciano e oriental central difundidos por Canal 9 e TV3, respectivamente.

Os resultados certifican unha vez máis a validez do método variacionista e constatan un alto grao de conciencia lingüística da comunidade benicarlanda, a cal non só recoñece a especificidade da propia fala, senón que lle outorga un evidente prestixio encuberto; ademais, as súas actitudes denotan unha forte ideoloxización no rexeitamento do estándar oriental central e mais unha estigmatización palpábel da variedade *apitxada*. Constátase, xa que logo, a ausencia dunha hipotética “divulgación masiva do estándar valenciano, aínda en fase de fixación”. Agora ben, pese a que o proceso de estandarización do norte valenciano sexa aínda moi limitado, Pradilla —nado nunha pequena aldea valenciana limítrofe coa fronteira catalá— pecha o libro introducindo un elemento de reflexión: o seu temor a que, co tempo, a difusión de dous modelos estándar diverxentes nas dúas beiras da fronteira valenciano-catalá remate por esnaquizar o contínuum lingüístico dunha zona que hoxe é, aínda, “o garante irrefutábel da unidade da lingua”. Por iso pregúntase se non sería conveniente delimitar uns “marcadores sociolingüísticos de individuación, significativos e simbólicos, que fosen a base dun tratamento específico do ensino da lingua por parte dos profesionais da zona”. Unha cuestión que, ademais de pechar esta magnífica revisión dos alicerces epistemolóxicos e metodolóxicos do variacionismo aplicado á lingua catalá, está directamente vencellada a un dos temas cruciais do seu último libro (Pradilla, 2009): o da

desestruturación da comunidade lingüística catalanófono no País Valenciano e as repercusións xeolingüísticas que supón.

#### REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Carrera Sabaté, Josefina (1999): *L'alternança A/E al Segrià*. Tese de doutoramento. Barcelona: Universitat de Barcelona.

Pradilla, Miquel-Àngel (2009): *La tribu valenciana. Reflexions sobre la desestructuració de la comunitat lingüística*. Benicarló: Onada.

Silva-Corbalán, Carmen (1989): *Sociolingüística: Teoría y análisis*. Madrid: Alhambra.

Valls, Esteve (2009): "La desdialectalització del català nord-occidental: cap a una convergència total amb l'estàndard?", *De Lingua Aragonensi. Revista de la Societat de Lingüística Aragonesa* 4, no prelo.

Esteve Valls